



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 75 · Martes, 3 abril 2018

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

Consellería de Economía, Emprego e Industria Xefatura Territorial de Ourense

Resolución de inscripción e depósito do Convenio colectivo do Consorcio de Aguas de Valdeorras para os anos 2017-2020, código de convenio n.º 32100152012018 2

Dirección Xeral de Enerxía e Minas. Santiago de Compostela

Resolución do 8 de marzo de 2018, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da infraestrutura gasista denominado "Modificado de proxecto de planta satélite de almacenamento e regasificación de gas natural licuado (GNL) para subministración a Verín (Ourense)", promovido por Nedgia Galicia, SA (expediente IN627A 2017/22-0) 25

IV. ENTIDADES LOCAIS

Amoeiro

Proceso de contratación para a ampliación da bolsa de emprego 2017-2018 de auxiliar de axuda no fogar 26

Gomesende

Notificación cumprimento Lei 3/2007 27

Petín

Exposición pública de aprobación inicial do orzamento xeral para o exercicio económico de 2018 27

San Amaro

Aprobación definitiva do orzamento municipal 2018, do Concello de San Amaro 27

III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

Consellería de Economía, Empleo e Industria Jefatura Territorial de Ourense

Resolución de inscripción y depósito del Convenio colectivo del Consorcio de Aguas de Valdeorras para los años 2017-2020, código de convenio n.º 32100152012018 13

Dirección General de Energía y Minas. Santiago de Compostela

Resolución de 8 de marzo de 2018, de la Dirección General de Energía y Minas, por la que se somete a información pública la solicitud de autorización administrativa y aprobación del proyecto de ejecución de la infraestructura gasística denominado "Modificado de proyecto de planta satélite de almacenamiento y regasificación de gas natural licuado (GNL) para suministro a Verín (Ourense)", promovido por Nedgia Galicia, SA (expediente IN627A 2017/22-0) 25

IV. ENTIDADES LOCALES

Amoeiro

Proceso de contratación para la ampliación de la bolsa de empleo 2017-2018 de auxiliar de ayuda en el hogar 26

Gomesende

Notificación cumplimiento Ley 3/2007 27

Petín

Exposición pública de aprobación inicial del presupuesto general para el ejercicio económico de 2018 27

San Amaro

Aprobación definitiva del presupuesto municipal 2018, del Ayuntamiento de San Amaro 28



III. COMUNIDADE AUTÓNOMA III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

Consellería de Economía, Emprego e Industria Xefatura Territorial Ourense

Servizo de Emprego e Economía Social

Unha vez visto o texto do Convenio colectivo do Consorcio de Augas de Valdeorras para os anos 2017-2020, con código de convenio n.º 32100152012018, que subscribiu o día 01.02.2018, a Comisión Negociadora, conformada polo presidente do consorcio e a delegada de persoal, asistida polo sindicato CCOO e, de conformidade co que dispón o artigo 90.2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores [BOE 255, do 24 de outubro de 2015], o Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo [BOE 143, do 12 de xuño de 2010] e o Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo [BOE 232, do 28 de setembro de 1982] e as demais normas aplicables do dereito común, esta xefatura territorial resolve:

Primeiro.- Ordenar a súa inscrición e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante a Orde do 29 de outubro de 2010 [DOG 222, do 18 de novembro de 2010] e notificación ás representacións empresarial e social da Comisión Negociadora.

Segundo.- Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Convenio colectivo do Consorcio de Augas de Valdeorras

Capítulo I. Ámbito de aplicación

Artigo 1. Ámbito funcional e persoal

Esta convenio colectivo será de aplicación á totalidade do persoal laboral do Consorcio de Augas de Valdeorras.

Artigo 2. Ámbito territorial

As disposicións contidas neste convenio rexerán en todos os centros de traballo que manteña abertos o consorcio.

Artigo 3. Ámbito temporal

Este convenio entrará en vigor o día da súa publicación, unha vez homologado pola autoridade laboral. Xurdirá efectos económicos desde o día 1 de xaneiro de 2017 e terá unha duración de catro anos, que se contará desde a dita data. Terminará a súa aplicación o 31 de decembro de 2020. Non obstante, o convenio será prorrogado tacitamente de ano en ano, mentres calquera das partes non lle manifeste á outra, con antelación mínima dun mes á data de extinción ou de calquera das súas prórrogas, a súa vontade de dalo por terminado. A dita manifestación deberá facerse por escrito mediante comunicación con xustificante de recepción.

Unha vez denunciado o convenio, este manterá a súa vixencia ata a subscripción dun novo convenio colectivo que o substitúa ou a adopción dun laudo arbitral con eficacia de convenio, por un prazo máximo dun ano (e sen prexuízo da eventual eficacia retroactiva das disposicións do novo convenio que o substitúa). Unha vez transcorrido o dito prazo máximo sen acordarse o novo convenio ou laudo arbitral, este convenio perderá a súa vixencia.

Capítulo II. Organización do traballo, comisión de seguimento do convenio, formación profesional e réxime disciplinario

Artigo 4. Norma xeral

1. A organización técnica e práctica do traballo é facultade exclusiva do consorcio, que deberá facer uso dela con suxeición

ao establecido na lexislación vixente e neste convenio colectivo. Corresponde á Presidencia do consorcio a adopción das decisións nesta materia, no exercicio das súas atribucións de xefatura superior do persoal.

2. Sen prexuízo do anterior, o consorcio poderá encomendar a realización das labores de dirección técnica do traballo á Deputación Provincial de Ourense, á que está adscrito, a cal poderá levar a cabo esa función, ao abeiro das súas competencias de asistencia técnica ás entidades locais, polos seus propios medios ou a través de empresas externas contratadas para esa finalidade. As instrucións técnicas impartidas serán de obrigado cumprimento para os traballadores do consorcio, e respectarán en todo caso os dereitos e condicións laborais establecidos no presente convenio e na normativa laboral aplicable. Corresponderá exclusivamente á Presidencia do consorcio a resolución de posibles discrepancias entre os traballadores e a dirección técnica.

3. En cada momento o consorcio adaptará os seus sistemas de produción ás circunstancias tecnolóxicas, procurando, con carácter primordial, capacitar ao cadro de persoal para o desenvolvemento e aplicación dos novos procedementos, sen que estes poidan redundar en prexuízo dos dereitos económicos ou doutro tipo adquiridos.

4. O contido dos postos de traballo asignados a cada empregado público será o definido no anexo I deste convenio. Os contratos individuais de traballo farán referencia a este anexo para definir o posto de traballo que constitúe o seu obxecto. As modificacións no contido dos postos de traballo rexeranse polo disposto no Estatuto dos traballadores para os supostos de mobilidade funcional e modificacións substanciais do contrato de traballo.

Artigo 5. Comisión de seguimento do convenio

A comisión de seguimento do convenio terá carácter mixto e será o órgano de interpretación e vixilancia do seu cumprimento.

Estará integrada pola delegada de persoal do consorcio, dunha parte, e o presidente do consorcio, doutra. Actuará como secretario da comisión o funcionario que desempeñe as funcións de secretario do consorcio.

Os membros da comisión poderán asistir ás súas reunións acompañados por ata dous asesores, con voz, pero sen voto.

A comisión reunirse de maneira ordinaria semestralmente, e de forma extraordinaria a petición de calquera das partes. A reunión ordinaria terá lugar nos meses de xuño e decembro, na data que acorden as partes. As reunións extraordinarias celebraranse nun prazo máximo de quince días desde a petición da súa realización, que deberá formularse por escrito.

As discrepancias que poidan xurdir no seo da comisión someteranse ao establecido no acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo.

Artigo 6. Cadro de persoal

O cadro de persoal será o que en cada momento resulte adecuado para a correcta prestación dos servizos públicos encomendados ao consorcio.

Artigo 7. Prestación do traballo

As persoas traballadoras están obrigadas a coñecer e desempeñar, no nivel da categoría profesional que posúan, todos os traballos precisos para a correcta execución das tarefas que se encomenden.

Artigo 8. Exercicio do mando

O persoal que desempeñe postos con mando sobre outros traballadores, deberá conseguir o rendemento e a eficacia do persoal do servizo que estea baixo as súas ordes e exercerá a súa autoridade con respecto á dignidade dos traballadores e en forma adecuada e eficiente.

Son funcións inherentes a todo mando no consorcio a formación do persoal ás súas ordes para conseguir a elevación do seu nivel técnico e profesional e velar pola seguridade no traballo e o cumprimento da normativa vixente.

Artigo 9. Roupas de traballo

En cada ano de vixencia do convenio farase entrega das seguintes roupas de traballo.

No verán: 2 pantalóns, 2 polos ou camisas de manga curta e 1 cazadora.

No inverno: 2 pantalóns, 1 xersei, 2 camisas de manga longa, 1 cazadora de inverno. Con carácter bianual, 1 anorak e 1 chusqueiro.

A entrega da roupa de traballo farase na segunda quincena de xuño, a de verán, e na segunda quincena de setembro, a de inverno.

A roupa nova será recollida pola persoa traballadora, previa entrega da usada, cunha carencia de dous anos.

No caso de deterioro ou rotura dalgunha das roupas, estas serán substituídas inmediatamente por outras novas, previa entrega das deterioradas.

O Consorcio, coa participación da delegación de persoal, determinará as roupas de traballo que deben ser utilizadas nos distintos servizos.

A calidade das roupas de traballo será a suficiente para a súa duración mínima dun ano.

O uso das roupas de traballo, para aquel persoal que as teña determinadas, será obrigatorio durante a prestación do traballo.

O calzado do persoal da área técnica-operaria, dada a súa condición de equipo de protección individual, determinarase mediante acordo coa delegación de prevención de riscos laborais.

Artigo 10. Formación profesional continua

1. Recoñécese o dereito do persoal do consorcio á formación profesional continua, nos termos sinalados neste artigo.

2. Os obxectivos da formación profesional continua son os seguintes:

a) A mellora da formación profesional do conxunto do persoal, como garantía de calidade dos servizos.

b) Posibilitar, con respecto ao principio de igualdade de oportunidades, o acceso a postos de traballo vacantes de superior categoría ou responsabilidade.

3. Para a garantía deste dereito, o consorcio adherirase ao plan anual agrupado de formación continua da Deputación Provincial de Ourense, no que se procurará a inclusión de accións formativas relativas ás actividades profesionais do persoal do consorcio. O consorcio complementará as accións formativas do plan agrupado cun mínimo dunha acción formativa anual para cada área funcional, nos termos que se negocien anualmente no seo da comisión mixta.

4. O consorcio poderá establecer accións formativas de carácter obrigatorio para o persoal. Nestes casos, procurarase impartir a formación en horario laboral. De non ser posible realízala no dito horario por esixencias do servizo ou a causa de requirimentos específicos da acción formativa a desenvolver, o consorcio compensará en tempo libre ou, no seu defecto, se isto non fora posible, remunerará mediante unha gratificación equivalente a horas extraordinarias o número de horas dedicadas á formación. No suposto de compensación en tempo libre, procederá a acumulación para o goce en xornadas completas.

Artigo 11. Produtividade

As partes fan constar que consideran básico para o bo funcionamento do consorcio e dos servizos públicos prestados que se incremente a produtividade en todos os centros de traballo e

procurarán un incremento do rendemento, tanto global como individualmente considerado.

Artigo 12. Réxime disciplinario

1. O persoal poderá ser sancionado polo consorcio de acordo co réxime de faltas e sancións que se establece nos apartados seguintes.

2. Toda falta cometida por unha persoa traballadora clasifícase, atendendo á súa importancia, transcendencia e intención, en leve, grave o moi grave, de conformidade co que se dispón nos parágrafos seguintes.

l) Son faltas leves as seguintes:

a) Dunha a tres faltas de puntualidade na asistencia ao traballo sen a debida xustificación, cometidas durante o período dun mes.

b) Non cursar no tempo oportuno a baixa correspondente cando se falte ao traballo por motivos xustificadas, a non ser que se probe a imposibilidade de efectualo.

c) Pequenos descoidos na conservación do material.

d) Faltas de aseo e limpeza persoal.

e) As discusións sobre asuntos alleos ao traballo, dentro das dependencias do consorcio ou durante actos de servizo. Se tales discusións produciran escándalo notorio, poderán ser consideradas como falta grave o moi grave.

f) Non comunicar as situacións persoais que poidan afectar ás obrigacións fiscais ou de Seguridade Social da empresa co seu persoal.

g). Non atender ao público coa dilixencia e corrección debida.

ll) Cualificaranse como faltas graves as seguintes:

a) Máis de tres faltas non xustificadas de puntualidade na asistencia ao traballo, cometidas durante un período dun mes.

b) Non comunicar, coa puntualidade debida, as actividades da persoa traballadora que poidan afectar á cotización á Seguridade Social. A falta de comunicación mal intencionada nestes datos considerarase como falta moi grave.

c) Entregarse a xogos ou distraccións, calquera que sexa, estando de servizo.

d) A simple desobediencia a superiores en calquera materia do servizo. Se implicara quebranto da disciplina ou dela derivase prexuízo para o consorcio, poderá ser considerada como falta moi grave.

e) Simular a presenza doutra persoa traballadora, fichando ou asinando por aquela.

f) A negligencia ou desidia no traballo que afecte á boa marcha do servizo.

g) A imprudencia en actos de servizo. Se implicara risco de accidente para a persoa traballadora, para terceiros ou perigo de avaría ou danos para as instalacións ou equipos, poderá ser considerada como moi grave.

h) Facer, sen o oportuno permiso, xestións particulares durante a xornada, así como empregar para usos propios, ferramentas, equipos ou instalacións da empresa, incluso cando isto ocorra fóra da xornada de traballo.

i) A embriaguez o toxicomanía fóra do traballo vestindo o uniforme da empresa.

j) A falta de asistencia ao traballo de ata dous días ao mes, sen xustificación.

k) Abandono do posto de traballo, sen causa xustificada, incumprindo o réxime de quendas establecido en cada centro de traballo, incluso se ten carácter breve.

l) A reincidencia na falta de atención ao público coa dilixencia e corrección debida.

ll) A inobservancia das leis, regulamentos ou incumprimento das normas en materia de prevención de riscos laborais, cando estas supoñan risco para a persoa traballadora, os seus compañeiros e compañeiras ou terceiros, así como non usar, ou usar



inadecuadamente os medios de seguridade facilitados pola empresa. No caso de que o risco fora grave ou se producira algún prexuízo, considerarase como moi grave.

m) A ocultación de calquera feito que a persoa traballadora presenciara, que cause de maneira apreciable prexuízo grave de calquera índole á empresa, aos seus compañeiros e compañeiras de traballo ou a terceiros.

n) A falta de puntualidade, sen a debida xustificación, cando tivera que relevar a un compañeiro ou compañeira.

ñ) Se a causa prevista no apartado e) do punto I producira escándalo notorio.

o) A reincidencia en falta leve, excepto a de puntualidade, aínda que sexa de distinta natureza, dentro dun trimestre e mediando polo menos amoestación escrita.

III. Consideraranse como faltas moi graves as seguintes:

a) Máis de dez faltas non xustificadas de puntualidade, cometidas nun período de seis meses, ou de vinte durante o ano.

b) A falta inxustificada de asistencia ao traballo de máis de dous días ao mes.

c) O fraude, deslealdade ou abuso de confianza, e o furto ou roubo, tanto ao consorcio como aos compañeiros e compañeiras de traballo ou a terceiros, dentro das dependencias da empresa ou durante o traballo en calquera lugar.

d) O consumo fraudulento de auga ou a complicidade no dito consumo.

e) Facer desaparecer, inutilizar, estragar ou causar danos nas materias primas, articulacions, ferramentas, maquinaria, aparellos, instalacións, edificios, utensilios e documentos do consorcio ou de terceiros relacionados con ela.

f) A continuada e habitual falta de aseo e limpeza, de tal modo que produza queixas xustificadas dos compañeiros e compañeiras de traballo ou usuarios do servizo.

g) Violar o segredo da correspondencia ou documentos reservados do consorcio.

h) Revelar a terceiros datos de reserva obrigada.

i) Facer traballos particulares durante a xornada laboral.

j) Os malos tratos de palabra ou obra ou a falta grave de respecto e consideración aos usuarios do servizo ou a calquera empregado ou empregada do consorcio, así como aos seus familiares, durante a xornada de traballo ou en dependencias da empresa.

k) Causar accidente grave por negligencia ou imprudencia inexcusable.

l) Abandonar o traballo en postos de responsabilidade, sen causa xustificada, ou en situación que cause grave prexuízo á empresa ou aos seus clientes.

ll) A diminución voluntaria e continuada do rendemento normal ou pactado da persoa traballadora.

m) Orixinar rifas e liortas cos compañeiros ou compañeiras de traballo ou usuarios do servizo.

n) A simulación de enfermidade ou accidente.

ñ) Prestar servizos sufrindo os efectos ou consecuencias de calquera tipo de embriaguez ou toxicomanía.

o) O acoso sexual.

p) A reincidencia en falta grave, aínda que sexa de distinta natureza, sempre que se cometa dentro dun semestre.

3. Corresponde ao consorcio a facultade de impor sancións nos termos do establecido neste convenio colectivo, conforme co procedemento que se regula neste apartado.

A proposta de sanción comunicárase por escrito á persoa traballadora cun prazo de aviso previo de cinco días hábiles para que produza efectos, entregando unha copia desta á delegación de persoal e, no caso de que o traballador sexa afiliado a un sindicato, aos representantes da sección sindical corresponden-

te, se a houbese. O traballador, a delegación de persoal e a sección sindical, no seu caso, disporán dos citados cinco días hábiles para alegar por escrito ante o Consorcio o que na súa defensa estime oportuno. O consorcio resolverá as ditas alegacións de forma motivada, podendo practicar as probas que resulten necesarias, baixo contradición co interesado.

As sancións que poderán imporse, segundo a gravidade e circunstancias das faltas cometidas, serán as seguintes:

Por falta leve: amoestación verbal, amoestación por escrito ou suspensión de emprego e soldo de ata dous días.

Por falta grave: suspensión de emprego e soldo de tres a quince días.

Por falta moi grave: suspensión de emprego e soldo de deza seis días a sesenta días ou despedimento.

Capítulo III. Clasificación profesional. Postos de traballo

Artigo 13. Clasificación funcional. Grupos e categorías profesionais. Postos de traballo

1. O sistema de clasificación profesional organízase por medio de grupos profesionais, integrados en áreas funcionais de carácter xenérico. Cada grupo profesional pode dividirse en categorías. A clasificación establécese en función do perfil profesional determinado pola titulación do traballador.

Non obstante o anterior, os traballadores que actualmente prestan servizos ao consorcio clasifícanse en atención ás súas aptitudes profesionais demostradas e ao contido da prestación laboral realizada ao abeiro dos seus vixentes contratos de traballo, tal como se dispón no apartado 7 deste artigo e no anexo III deste convenio.

Os traballadores que o consorcio seleccione a partir da vixencia deste convenio colectivo deberán contar coa titulación e perfil profesional definidos nos anexos I e II deste convenio, que será esixido no correspondente proceso selectivo.

No suposto de reasignación de efectivos no caso de persoal procedente doutras administracións públicas, reconécerase o grupo ou categoría profesional que o dito persoal tivese recoñecido na súa administración pública de orixe.

2. Os postos de traballo existentes no consorcio defínense na táboa anexa I. Para cada posto de traballo actualmente existente no consorcio, este convenio colectivo determina o grupo e categoría profesional requirido para o seu desempeño, así como os requisitos adicionais que, motivadamente, poidan esixirse.

Para tal efecto, distínguense os seguintes tipos de postos:

a) Postos de mando: postos de traballo que inclúen a responsabilidade sobre as funcións realizadas por unha unidade funcional diferenciada de traballadores, incluíndo a supervisión do traballo dos empregados adscritos á dita unidade.

b) Postos de base: postos que non implican mando sobre outros traballadores.

A denominación do posto de traballo e o grupo profesional poderán ser coincidentes no caso dos postos de traballo de base.

No caso de que durante a vixencia do convenio o consorcio decida a creación de novos postos de traballo, a determinación do seu grupo profesional e retribucións negociarase previamente coa representación dos traballadores, incorporándose ao presente convenio. No caso de que, transcorridos quince días hábiles desde o inicio da negociación, no se alcanzara un acordo ao respecto da proposta, o consorcio poderá determinar unilateralmente o grupo profesional e a retribución aplicable, conforme co procedemento administrativo establecido, e sempre nos termos da proposta inicialmente sometida a negociación colectiva.

Non será necesaria a definición previa de postos de traballo mediante negociación colectiva para a realización de contratos

de traballo de carácter temporal por acumulación de tarefas ou por obra ou servizo determinado.

4. Os contratos de traballo de carácter fixo que subscriba o consorcio referiranse a un posto de traballo dos definidos na táboa anexa I.

5. Para os efectos do establecido no apartado anterior, os postos de traballo e os grupos profesionais correspondentes do persoal do consorcio estrutúranse nas seguintes dúas áreas funcionais:

a) Administrativa: inclúe as funcións burocráticas de trámite e colaboración para a realización das actividades administrativas e económicas do consorcio, así como os traballos ofimáticos e as tarefas de atención ao público vinculadas ás ditas funcións.

b) Técnico - Operaria: inclúe todas as funcións e tarefas para a conservación e mantemento das redes de distribución de auga e saneamento, a operación, conservación e mantemento das infraestruturas de adución, potabilización e depuración e o manexo de vehículos adscritos aos servizos públicos xestionados polo consorcio.

6. O persoal incluído no ámbito de aplicación deste convenio colectivo clasifícase nos seguintes grupos profesionais:

a) Área administrativa:

- Administrativo

b) Área técnico-operaria.

- Oficial de Redes, categoría 1ª

- Oficial de Redes, categoría 2ª.

- Oficial de Plantas, categoría 1ª.

- Oficial de Plantas, categoría 2ª.

- Conductor de camiión impulsor succionador

7. Recoñécese aos traballadores que actualmente integran o cadro de persoal do consorcio a súa integración nunha das categorías profesionais definidas no apartado anterior, con independencia da titulación de que dispoñan e exclusivamente en función da aptitude profesional realmente demostrada no exercicio das súas funcións. Para tal efecto, na táboa anexa III recóllese a categoría profesional recoñecida a cada un dos traballadores.

Capítulo IV. Contratación de persoal e provisión de postos de traballo

Artigo 14. Selección do persoal laboral fixo

A selección do persoal laboral fixo do consorcio realizarase conforme co establecido no Estatuto básico do empregado público e na Lei do emprego público de Galicia.

Artigo 15. Selección do persoal laboral temporal

A selección do persoal laboral temporal rexerese polo establecido na ordenanza de selección de persoal laboral temporal da Deputación Provincial de Ourense, á que está adscrito o consorcio. En ningún caso poderá procederse á súa contratación a través de empresas de traballo temporal.

Artigo 16. Período de proba

Os traballadores e traballadoras de novo ingreso, calquera que sexa a modalidade contractual, poderán ser obxecto dun período de proba sempre que se pacte por escrito, cuxa duración máxima, límites e requisitos serán os establecidos no Estatuto dos traballadores.

Durante o período de proba a resolución do contrato poderá producirse a instancia de calquera das partes sen necesidade de alegar causa xustificativa nin respectar prazos de aviso previo, e en ningún caso dará dereito ao traballador ou traballadora a recibir indemnización compensatoria ningunha.

Unha vez transcorrido o período de proba sen que se produciña a desistencia, o contrato producirá plenos efectos, computándose o tempo dos servizos prestados como antigüidade do traballador ou traballadora na empresa.

Artigo 17. Aviso previo de cesamento

Nos casos de contratos de duración determinada superior a un mes, o consorcio ou o traballador ou traballadora deberá notificar á outra parte a súa decisión extintiva cunha antelación de, cando menos, sete días naturais, salvo que a duración sexa superior a un ano, en cuxo caso o prazo de aviso previo non poderá ser inferior a quince días naturais. Esta mesma regra será de aplicación no caso de que os traballadores fixos desexen proceder á extinción unilateral dos seus contratos.

Exceptúanse do anterior os contratos de interinidade para a cobertura de baixas temporais, nos que o aviso previo deberá cursarse unha vez que o consorcio coñeza a data de reincorporación do traballador substituído.

Nin o consorcio nin o traballador ou traballadora están obrigados a respectar o citado prazo de aviso previo cando a extinción do contrato teña lugar por non superación do período de proba establecido nel.

A omisión polo consorcio ou pola persoa traballadora do prazo de aviso previo dará dereito á outra parte a percibir unha cantidade equivalente aos salarios correspondentes ao prazo total ou parcialmente incumplido, que deberá ser saldado na liquidación de haberes correspondente.

Artigo 18. Provisión de postos de traballo

Vacante un posto de traballo no consorcio, e previamente á formulación de oferta de emprego público, deberá ofertarse a súa provisión ao persoal do consorcio, sempre que este reúna os requisitos esixidos para o seu desempeño. Para tal efecto, o consorcio procederá á convocatoria do correspondente procedemento de provisión de postos, exclusivamente mediante concurso, sendo de aplicación as normas establecidas na lexislación vixente para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de carreira nas administracións públicas e, en particular, na Deputación de Ourense.

Capítulo V. Réxime retributivo

Artigo 19. Réxime retributivo

O réxime retributivo do persoal laboral ao servizo do consorcio será exclusivamente o establecido neste convenio, sen que existan ou poidan existir outras retribucións que non sexan as especificadas neste capítulo.

As retribucións establecidas neste convenio enténdense expresadas en termos brutos, e referidas a postos desempeñados en réxime de xornada completa.

Artigo 20. Clases de retribucións. Conceptos retributivos

1. As retribucións do persoal laboral do Consorcio clasifícanse en fixas e variables.

2. Son retribucións fixas as que se devindicación periodicamente, por xornada traballada.

3. Son retribucións variables as que se devindicación como consecuencia de determinadas circunstancias, como a prestación de servizos fóra de xornada, a realización de gardas presenciais ou de localización, a consecución de determinados obxectivos preestablecidos, a imposibilidade de goce de vacacións por causa imputable ao consorcio ou outras análogas.

4. As retribucións fixas comprenderán os seguintes conceptos:

a) Soldo base.

b) Antigüidade.

c) Complemento de posto.

d) Pagas extraordinarias.

5. As retribucións variables comprenderán os seguintes conceptos:

a) Gratificacións por horas extraordinarias.

b) Gratificacións pola realización de garda.

c) Produtividade.



5. As axudas de custo e indemnizacións non terán carácter salarial.

Artigo 21. Soldo base

O soldo base consistirá nunha contía fixa anual, asignada en función da categoría profesional. Percibirase en catorce pagas: doce mensuais e dúas extraordinarias nos meses de xuño e decembro.

A contía do soldo base recóllese na táboa salarial do anexo IV.

Artigo 22. Antigüidade

A antigüidade retribuirase en concepto de trienios, mediante o pago dun importe de 30 euros mensuais por cada tres anos de servizos prestados.

Os trienios recoñeceranse ao persoal do consorcio con efectos do 1 de xaneiro de 2017, computándose a totalidade de anos traballados nos servizos públicos que actualmente xestiona o consorcio, incluso se os ditos servizos foron prestados a través doutras empresas.

Artigo 23. Complemento de posto

O complemento de posto consistirá nunha contía fixa anual, asignada en función das características do concreto posto de traballo desempeñado, en atención aos factores de dificultade, dedicación, responsabilidade, penosidade, perigosidade, quenadas ou outros análogos que concorran nel. Percibirase en doce pagas mensuais.

A contía anual do complemento de posto recóllese, para cada posto, na táboa salarial do anexo IV.

Artigo 24. Pagas extraordinarias

Todos os traballadores e traballadoras percibirán dúas gratificacións extraordinarias de devindicación semestral, que consistirán no importe dunha mensualidade do salario base e antigüidade.

As datas de cobranza das pagas extraordinarias serán:

- O penúltimo día laboral do mes de xuño.
- O día 20 de decembro.

As gratificacións extraordinarias terán carácter de complemento salarial de acordo co disposto no Estatuto dos traballadores.

Artigo 25. Horas extraordinarias

1. As horas extraordinarias remuneraranse, no caso de que non poidan compensarse con descanso nos catro meses seguintes á súa realización, co valor resultante de dividir a retribución anual fixa do traballador afectado entre o número de horas hábiles anuais, determinado conforme co artigo 31 deste convenio, aplicando as recargas seguintes:

- Se estas se realizan ata as 21.00 horas dun día laborable, coa recarga do 75%.
- Se se realizan de 21.00 horas ás 9.00 horas dun día laborable, coa recarga do 100%.
- Se se realizan en festivos ou fins de semana, coa recarga do 125%.

Artigo 26. Gardas

1. O persoal dos equipos de plantas e redes e os condutores do camión impulsor-succionador están obrigados a realizar gardas de localización semanal, que se retribuirán segundo o sinalado no anexo IV. As gardas de localización faranse por períodos de sete días naturais, e a contía que se establece compensa a dispoñibilidade do persoal de garda durante o tempo de duración desta para a atención de necesidades inaprazables dos servizos públicos xestionados polo consorcio.

O número de gardas que se realizarán por cada traballador será de dúas mensuais, correspondendo cada semana a tres traballadores (un do equipo de redes, un do equipo de plantas e un dos condutores do camión impulsor-succionador).

En todo caso, o número de gardas realizadas ao ano será igual para todos os traballadores suxeitos a esta obrigación.

Dotarase dos medios técnicos necesarios -teléfono móbil ou busca- para facilitar a localización do persoal de garda.

2. Os servizos prestados durante as gardas terán a consideración de horas extraordinarias, compensándose preferentemente con descanso ou, se isto non fora posible, retribuíndose conforme co previsto no artigo 25.

3. No caso de que o consorcio estime necesario establecer un réxime de garda presencial, esta deberá ser obxecto de negociación colectiva.

Artigo 27. Produtividade

A partir do exercicio 2018, o consorcio asume o compromiso de negociar coa representación dos traballadores a introdución dun complemento de produtividade que retribúa o especial rendemento ou iniciativa dos traballadores, ou a consecución de obxectivos preestablecidos. En todo caso, o establecemento deste complemento quedará suxeito á existencia de dispoñibilidades orzamentarias suficientes por parte do consorcio.

Artigo 28. Axudas de custo por viaxes ou desprazamentos

1. O persoal que por necesidades do consorcio se desprace fóra da localidade onde radique o centro de traballo percibirá polo concepto de axudas de custo as cantidades que se sinalan no anexo IV, sen distinción de categorías.

Para a retribución destas axudas de custo será condición indispensable que o desprazamento obrigue respectivamente a almorzar, cear e, no seu caso, pasar a noite e almorzar fóra da localidade.

O desprazamento dun traballador ou traballadora por medios propios entre os distintos centros de traballo será compensado co aboamento de 0,19 euros por quilómetro realizado, aboándose ademais os gastos de peaxes e aparcamento. O desprazamento con medios alleos dará dereito ao reembolso das cantidades efectivamente aboadas por este concepto.

O consorcio poderá optar por contratar directamente os servizos de transporte, manutención e aloxamento do traballador, en cuxo caso non haberá dereito á percepción de axudas de custo por estes conceptos.

O/a traballador/a poderá optar entre a percepción das cantidades reflectidas neste artigo ou polo aboamento por parte da empresa dos gastos xustificadas de comidas e estancia.

2. Causarase dereito á percepción das axudas de custo por manutención nos casos en que a realización de horas extraordinarias impida aos traballadores desprazarse aos seus domicilios para comer ou cenar.

Artigo 29. Compensación por traballos de superior categoría

Cando de acordo co Estatuto dos traballadores se realicen con carácter temporal as funcións dun posto de traballo de superior retribución á que posúe unha persoa traballadora, esta percibirá en tanto permaneza na dita situación unha remuneración ou compensación equivalente ao importe da diferenza que entre as súas retribucións e as do posto efectivamente desempeñado, excluída a antigüidade.

Será de aplicación o disposto no artigo 39.2 do Estatuto dos traballadores nos casos en que a realización de traballos de superior categoría exceda os prazos máximos previstos na dita norma.

Artigo 30. Pago de salarios

A nómina mensual pagarase na última semana do mes, e como máximo o penúltimo día laborable do dito mes.

Capítulo VI. Xornada, vacacións e permisos

Artigo 31. Xornada

Para todo o persoal, a xornada semanal será de 37,5 horas semanais, en cómputo anual.

O horario concreto en que se desenvolverá a xornada establecerase anualmente mediante negociación coa delegación de per-

soal, de forma conxunta co calendario anual de vacacións, conforme co establecido no artigo 33. O número de horas anuais que implica a xornada determinarase aplicando a seguinte fórmula: en primeiro lugar, determinarase o número de días hábiles anuais, restando aos días naturais do ano os sábados, domingos e festivos, os días de vacacións, pontes, festivo local de empresa e Nosa Señora da Luz e días de asuntos propios, así como os días 24 e 31 de decembro (en este último caso, exclusivamente cando coincidan en día laborable); en segundo lugar, o número de días hábiles así determinado dividirase entre 5, co fin de obter o número de semanas hábiles (incluíndo decimais); en terceiro lugar, o número de semanas hábiles multiplicarase por 37,5 horas, quedando así determinado o número de horas anuais efectivas que debe realizar cada traballador.

En todo caso, a xornada máxima anual efectiva deberá ser a mesma para todos os traballadores.

Artigo 32. Horas extraordinarias

Dado o carácter de servizo público esencial das actividades realizadas polo consorcio, establécese a obrigatoriedade de realizar horas extraordinarias por parte do persoal, cos límites establecidos no Estatuto dos traballadores, nos supostos en que concorran circunstancias que impidan aprazar a realización do traballo e polo tempo estritamente necesario.

As horas extraordinarias compensarase preferentemente con horas de descanso nos catro meses seguintes á súa realización, en cuxo caso non computarán para o límite de las 80 horas anuais. De non ser posible, esta compensación, retribuiranse conforme co previsto no artigo 25.

En todo caso, aplicaranse ás compensacións mediante horas de descanso as mesmas recargas establecidas no artigo 25 para a compensación económica.

Artigo 33. Horario

O horario será o establecido polo calendario laboral en cada centro de traballo. Para a xornada continuada farase unha pausa de 15 minutos.

Excluíndo o traballo a quendas e xornadas especiais, sen prexuízo dos acordos máis beneficiosos que poidan existir entre as partes, darase preferencia ás xornadas continuadas, sempre que quede garantida a cobertura do servizo e a realización desta non supoña un sobrecusto para a empresa. Para o persoal técnico e administrativo que desempeñe o seu traballo en réxime de xornada partida, apostarase por unha xornada tipo europea. Establecerase a xornada intensiva do 1 de xuño ao 30 de setembro, sendo de aplicación a todo o persoal da empresa.

Artigo 34. Cumprimento do horario

Ao comezo da xornada o persoal deberá estar no seu posto de traballo completamente preparado para o desempeño da súa función e deberá permanecer nel ata a hora da saída.

Excepto o persoal expresamente autorizado pola índole do seu traballo, non se poderá saír durante a xornada do centro de traballo sen autorización da xefatura á que estea adscrito o persoal.

Artigo 35. Vacacións

Os traballadores e traballadoras do cadro de persoal gozarán dunhas vacacións anuais de vinte e dous días laborables. Non se consideran días laborables os sábados, domingos, festivos legalmente establecidos, festivos de convenio e días ponte.

Artigo 36. Goce das vacacións

Dentro do primeiro mes do ano, a Presidencia do consorcio acordará coa representación dos traballadores o calendario de vacacións procurando, sempre que as necesidades do servizo o permitan, atender as peticións que en tal sentido remitan as persoas traballadoras.

Cando coincidan nas mesmas datas as peticións de dous ou máis empregados ou empregadas que non se poidan ausentar

de forma simultánea, o mando ao cargo da unidade tratará de poñelos de acordo e, se non o conseguira, terá preferencia o que ocupe o posto de maior categoría. O dito dereito exercerase de forma rotativa, de maneira que quen o puidera exercer en primeiro lugar un ano pasará a ocupar no seguinte o último posto da relación de elección prioritaria.

No caso de igualdade de posto, rexerá a efectos de prelación a orde de antigüidade no consorcio, co mesmo mecanismo que o previsto anteriormente.

As vacacións deberán gozarse ininterrompidamente. Sen embargo, o consorcio poderá recomendar por necesidades do servizo o goce fraccionado das vacacións en dous períodos. No dito caso, gratificarase cun día máis de vacacións.

As vacacións gozaranse nos meses de maio a setembro, ambos incluídos. Se por necesidades do servizo isto non fora posible, o persoal terá dereito a gozar, cando menos, quince días neste período.

Sen prexuízo das accións legais que procedan, no caso de discrepancia na sinalización do período de vacacións resolverá a comisión mixta regulada no artigo 5 deste Convenio.

Artigo 37. Días ponte. 24 e 31 de decembro

Establécense como días ponte dous durante o ano. Considéranse para todos os efectos como festas non recuperables.

Terán esa mesma consideración os días 24 e 31 de decembro exclusivamente cando coincidan en día laborable segundo o calendario laboral xeral.

O persoal que en réxime de garda non puidera gozar os ditos días percibirá unha compensación complementaria segundo o sinalado no anexo IV por cada día coincidente coa garda.

Os días ponte serán establecidos pola comisión paritaria do convenio dentro do mes de xaneiro de cada ano.

Artigo 38. Festa local tradicional

Establécense para o persoal dos Equipos de Redes, Plantas e Camión CIS un festivo local de empresa, que se fixará anualmente pola comisión paritaria.

O persoal que en réxime de garda non poida gozar dun día festivo percibirá unha compensación complementaria segundo o sinalado no anexo IV.

Artigo 39. Festividade da patroa

Establécense para o persoal dos Equipos de Redes, Plantas e Camión CIS, como festivo non recuperable, o día 1 de xuño, festividade da patroa do servizo de augas, Nosa Señora da Luz.

O persoal que en réxime de garda non poida gozar desta festa percibirá unha compensación complementaria segundo o sinalado no anexo IV.

Artigo 40. Permisos

Os permisos que se regulan no punto 3 do artigo 37 do vixente Estatuto dos traballadores quedarán fixados da maneira seguinte:

a) Matrimonio ou parella de feito legalmente constituída das persoas traballadoras: 20 días naturais.

b) Falecemento do cónxuxe ou fillos: 5 días.

c) Falecemento de irmáns, netos ou ascendentes da persoa traballadora ou do seu cónxuxe: 3 días. Cando o óbito se produza a unha distancia de 75 km do seu centro de traballo, o permiso será de 5 días.

d) Falecemento de familiares consanguíneos: 1 día retribuído. Cando o óbito se produza a unha distancia de 75 km do seu centro de traballo ou superior, o permiso será de 2 días máis.

e) Intervención cirúrxicas, hospitalización ou enfermidade grave do cónxuxe, ascendentes ou descendentes do traballador ou do seu cónxuxe, ou irmáns: 3 días, que se poderán ampliar ata tres máis se a persoa traballadora necesita realizar un desprazamento de 75 km desde o lugar no que ten o seu centro de traballo, para tal efecto. Os días de permiso que coincidan en



días laborais poderán gozarse de maneira descontínua durante o feito causante. Para estes efectos terase en conta o calendario de quendas para este réxime.

f) Nacemento de fillos, adopción ou acollemento: 5 días, ampliables en dous máis se a persoa traballadora necesitara realizar un desprazamento de 75 km desde o lugar no que ten o seu posto de traballo.

g) Traslado de domicilio habitual: 2 días.

h) Exames: os traballadores e traballadoras inscritos en cursos organizados por centros oficiais e recoñecidos polo Ministerio de Educación e Ciencia para a obtención dun título académico a teor da Lei xeral de educación, terán dereito a un tempo máximo de dez días ao ano para concorrer a exames finais e demais probas definitivas de aptitude e avaliación.

i) Licenzas por asuntos propios: o persoal dos Equipos de Redes, Plantas e Camión CIS disporá de 3 días retribuídos, que non se poderán coller unidos ás vacacións. Para gozar destes días deberá avisarse con tres días de antelación salvo causa xustificada.

O persoal de oficina terá dereito a seis días de asuntos propios retribuídos, nas mesmas condicións sinaladas no parágrafo anterior.

j) Matrimonio dun descendente: 1 día.

As referencias que se fan ao cónxuxe se fan extensibles ás parellas de feito, e as de consanguinidade á afinidade.

Artigo 41. Excedencias

As persoas traballadoras cun ano de servizo poderán solicitar a excedencia voluntaria por un prazo mínimo de catro meses e non superior a cinco anos, e non se computará o tempo que dure esta situación a ningún efecto. En ningún caso haberá dereito a excedencia voluntaria nos contratos de duración determinada.

As peticións de excedencia serán resoltas polo consorcio no prazo máximo dun mes, tendo en conta as necesidades de traballo e procurando despachar favorablemente aquelas peticións que se funden en terminación de estudos, esixencias familiares e outras análogas.

Cando se produza unha excedencia, se se procede a cubrir a vacante, tanto se é con persoal de novo ingreso como con persoal do cadro laboral, considerarase que a dita cobertura é provisional e, polo tanto, que o reingreso do excedente leva consigo ou a extinción do contrato interino ou o reingreso do traballador ou traballadora do cadro de persoal ao seu posto, lugar e condicións de orixe.

O reingreso nas excedencias é automático. O traballador ou traballadora deberá comunicar á empresa o citado reingreso cunha antelación mínima de trinta días antes da súa finalización, e volverá a ocupar entón o mesmo posto e coas mesmas condicións aplicables conforme co convenio vixente.

Artigo 42. Baixas por enfermidade común e accidente non laboral

Cando por estar enferma non poida asistir unha persoa traballadora ao traballo deberá, dentro das dúas primeiras horas da súa xornada, poñelo en coñecemento da xefatura á que estea adscrita. O incumprimento da dita obriga, da que só quedará eximida por causas de forza maior debidamente xustificadas, facultará ao consorcio para considerar que a ausencia do traballo non é xustificada. En todo caso, o consorcio poderá solicitar parte facultativo do médico que atendera á persoa traballadora.

Se a duración da enfermidade é superior a dous días naturais, o interesado ou interesada deberá obter a baixa do seu médico de cabeceira e remitirla ao seu mando inmediato para que este a envíe ao servizo de persoal correspondente para a súa tramitación.

A non presentación dos partes de baixa faculta, así mesmo, para considerar a ausencia como inxustificada.

Capítulo VII. Acción social

Artigo 43. Anticipos reintegrables

O persoal laboral fixo ou indefinido poderá solicitar a concesión de anticipos reintegrables a conta das súas retribucións futuras, por un importe máximo de 3.500 euros.

Os ditos anticipos serán reintegrados polo traballador nun prazo de vinte e catro meses, sen devindicar ningún tipo de interese a favor do consorcio. O pagamento realizarase mediante retención na nómina mensual, sen afectar ás pagas extraordinarias. Excepcionalmente, en supostos de necesidade xustificada, o prazo de devolución poderá incrementarse ata trinta e seis meses.

As condicións de devolución do anticipo manteranse en todo caso nos supostos en que o traballador cese a súa relación laboral antes da devolución, debendo o traballador proceder á domiciliación bancaria dos pagos nestes supostos. No caso de non pagamento, o importe pendente de devolución devindicará o interese legal do diñeiro.

Artigo 44. Axuda por defunción

En caso de falecemento dun traballador ou traballadora, a empresa aboará aos sucesores ou sucesoras segundo dereito un importe equivalente a seis mensualidades do salario percibido no mes anterior ao seu falecemento.

No caso de falecemento do cónxuxe ou fillos e fillas dunha persoa traballadora, a empresa aboarálle a cantidade de 402,00 € para gastos de funerais.

Artigo 45. Axuda por diversidade funcional

Todos aqueles traballadores e traballadoras cuxo cónxuxe, fillos ou fillas contén cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, terán dereito a unha axuda de 50,00 €, mensuais, que se percibirán nas doce pagas ordinarias, e terá carácter de complemento extra - salarial.

Para a concesión desta axuda, será requisito que as persoas con diversidade funcional reúnan as seguintes condicións:

a) Que dependan economicamente do traballador ou traballadora, aínda que non convivan con el, e

b) Que non posúan ingresos anuais superiores a 12.000,00 €.

A citada axuda non sufrirá variación ningunha durante a vixencia do convenio.

A axuda por discapacidade deixará de percibirse no momento en que cese a situación que dá lugar a este dereito.

Artigo 46. Cesta de Nadal

Con motivo das festas de Nadal a empresa obsequiará ás persoas traballadoras cunha cesta con «produtos de Nadal», por un valor de 50 €, durante toda a vixencia do convenio.

Capítulo VIII. Réxime asistencial complementario

Artigo 47. Concepto e natureza do réxime asistencial complementario

O réxime asistencial que se pacta neste convenio colectivo é o conxunto de medidas que complementa a acción protectora do réxime xeral da Seguridade Social aos traballadores e traballadoras que prestan os seus servizos á empresa.

O réxime asistencial que se pacta neste convenio ten a natureza de mellora voluntaria da acción protectora do réxime xeral da Seguridade Social.

Artigo 48. Mellora das prestacións por incapacidade laboral transitoria

No caso de incapacidade laboral transitoria, debidamente acreditada pola Seguridade Social, derivada tanto de accidente de traballo ou enfermidade profesional como por enfermidade común ou accidente non laboral, o traballador ou traballadora

percibirá o 100% do salario fixo que perciba no momento de que se produza a baixa.

Artigo 49. Recoñecemento médico

No prazo máximo de tres meses contados a partir da publicación deste convenio pola autoridade laboral, a empresa propoñerá á representación dos traballadores e traballadoras legalmente constituída os períodos dentro dos cales se poderá realizar un recoñecemento médico anual, séndolle facilitado a cada persoa un resumo do dito recoñecemento.

Artigo 50. Seguro de vida colectivo

O consorcio subscribirá un seguro de vida colectivo a beneficio dos traballadores. Correrá a cargo do consorcio o pagamento da súa prima total.

As coberturas mínimas do seguro serán as seguintes:

a) Morte natural, ata o límite dos 65 anos de idade, 3.600 €, que se aboarán ás persoas beneficiarias que libremente designe a persoa asegurada, inmediatamente despois de que ocorra o falecemento.

b) Morte por accidente, ata o límite dos 65 anos de idade, 12.000 €, que se aboarán ás persoas beneficiarias que libremente designe a persoa asegurada, inmediatamente despois de que ocorra o falecemento.

c) Invalidez permanente total, absoluta e gran invalidez, ata o límite dos 65 anos de idade, 4.500 €, que se aboarán á persoa traballadora ao declararse a invalidez citada.

d) Invalidez permanente total e absoluta derivada de accidente, ata o límite dos 65 anos de idade, 6.000 €, que se aboarán á persoa traballadora ao declararse a invalidez citada.

e) Invalidez permanente absoluta e gran invalidez, o falecemento derivado de accidente de traballo ou enfermidade profesional, 24.000 €. No suposto de falecemento a indemnización establecida aboarase inmediatamente despois do falecemento aos herdeiros legais da persoa traballadora, salvo que exista unha persoa beneficiaria expresamente designada pola persoa falecida.

O seguro de vida vincúlase á permanencia da persoa asegurada no cadro de persoal do consorcio. O cesamento nela, por calquera motivo, dará orixe á baixa do produtor na póliza deste seguro sen que, polo tanto, este conserve dereito a percibir o importe do capital no seu día garantido.

Artigo 51. Asistencia xurídica e coberturas

As persoas traballadoras que no desenvolvemento das súas funcións na empresa e na súa xornada de traballo sexan obxecto de roubo e/ou agresión terán inmediatamente asistencia xurídica da empresa e, no caso de roubo o danos persoais, previa xustificación acreditada coa correspondente denuncia, o Consorcio reparará economicamente os danos producidos ao empregado ou empregada na súa contía.

Artigo 52. Difusión do convenio

Cando este convenio sexa publicado pola autoridade laboral, entregarase un exemplar del a cada empregado e empregada.

Artigo 53. Adscrición do persoal en supostos de sucesión de empresa

Nos casos de extinción do consorcio ou revogación da delegación conferida a este polos concellos para a xestión dos servizos relacionados co ciclo hidráulico, os traballadores e traballadoras desta pasarán a estar adscritos ao novo prestador do servizo -salvo renuncia expresa da persoa traballadora-, que se subrogará en todos os dereitos e obrigacións laborais do consorcio respecto da totalidade dos traballadores adscritos ao servizo ou servizos de que se trate.

Igualmente, producirase a subrogación no caso de cambio do modo de xestión dos servizos delegados ou encomendados ao

consorcio, pasando os traballadores a adscribirse á entidade que xestione o servizo por conta do consorcio.

Capítulo IX. Xubilación

Artigo 54. Xubilación parcial

Ao abeiro do artigo 166.2 da Lei da Seguridade Social e do artigo 12.6 do Estatuto dos traballadores, recoñécese aos traballadores e traballadoras o dereito a acollerse á xubilación parcial e á redución da xornada no límite máximo legalmente permitido cando se cumpran os requisitos legalmente establecidos.

A comunicación deberá remitirse ao consorcio cunha antelación mínima de tres meses á data prevista para a xubilación parcial.

A porcentaxe da xornada que corresponde de traballo efectivo acumularase anualmente e a xornada completa,

Ata que a persoa traballadora xubilada parcialmente chegue á idade ordinaria de xubilación, o consorcio deberá manter un contrato de relevo nos termos previstos no artigo 12.6 do Estatuto dos traballadores.

Artigo 55. Xubilación anticipada voluntaria

1. Nos termos previstos no vixente artigo 208 do texto refundido de la Lei xeral da Seguridade Social, recoñécese aos traballadores do consorcio o dereito ao acceso á xubilación anticipada de forma voluntaria, con suxeición aos seguintes requisitos:

a) Ter cumprida unha idade que sexa inferior en dous anos, como máximo, á idade que en cada caso resulte de aplicación segundo o establecido no artigo 205.1.a) do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, sen que para estes efectos resulten de aplicación os coeficientes redutores a que se refire o artigo 206.

b) Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de trinta e cinco anos, sen que, para tales efectos, se teña en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias. Para estes exclusivos efectos, só se computará o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria, co límite máximo dun ano.

c) Unha vez acreditados os requisitos xerais e específicos da dita modalidade de xubilación, o importe da pensión a percibir debe resultar superior á contía da pensión mínima que correspondería ao interesado pola súa situación familiar ao cumprimento dos sesenta e cinco anos de idade. No caso contrario, non se poderá acceder a esta fórmula de xubilación anticipada.

Nos casos de acceso á xubilación anticipada a que se refire este artigo, a pensión será obxecto de redución mediante a aplicación, por cada trimestre ou fracción de trimestre que, no momento do feito causante, lle falte ao traballador para cumprir a idade legal de xubilación que en cada caso resulte da aplicación do establecido no artigo 205.1.a), dos seguintes coeficientes en función do período de cotización acreditado:

a) Coeficiente do 2 por cento por trimestre cando se acredite un período de cotización inferior a trinta e oito anos e seis meses.

b) Coeficiente do 1,875 por cento por trimestre cando se acredite un período de cotización igual ou superior a trinta e oito anos e seis meses e inferior a corenta e un anos e seis meses.

c) Coeficiente do 1,750 por cento por trimestre cando se acredite un período de cotización igual ou superior a corenta e un anos e seis meses e inferior a corenta e catro anos e seis meses.

d) Coeficiente do 1,625 por cento por trimestre cando se acredite un período de cotización igual ou superior a corenta e catro anos e seis meses.

Para os exclusivos efectos de determinar a dita idade legal de xubilación, considerarase como tal a que lle correspondería ao



traballador de ter seguido cotizando durante o prazo comprendido entre a data do feito causante e o cumprimento da idade legal de xubilación que en cada caso resulte da aplicación do establecido no artigo 205.1.a).

Para o cómputo dos períodos de cotización tomaranse períodos completos, sen que se equipare a un período a fracción deste.

2. O disposto no apartado anterior enténdese sen prexuízo das modificacións no réxime da xubilación anticipada voluntaria que poidan introducirse pola lexislación do Estado con posterioridade á entrada en vigor do presente convenio.

Artigo 56. Xubilación anticipada por causa non imputable ao traballador

O persoal do consorcio poderá acollerse ao réxime de xubilación voluntaria por causa non imputable ao traballador, nos termos previstos e cos requisitos establecidos no artigo 207 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

Artigo 57. Réxime de representación do persoal. Dereitos sindicais

1. En materia de representación colectiva estarase ao disposto no título II do Estatuto dos traballadores, na Lei orgánica de liberdade sindical, e neste artigo.

A representación unitaria dos traballadores do Consorcio corresponderá a un ou tres delegados de persoal, en función do volume do cadro de persoal, salvo no suposto de que o cadro de persoal chegase a ser de cincuenta ou máis traballadores, en cuxo caso corresponderá ao Comité de Empresa.

2. Nas eleccións a representantes do persoal laboral ao servizo do consorcio este constituirá un único centro de traballo.

3. Recoñécese á delegación de persoal os mesmos dereitos de información e consulta que se prevén na lexislación laboral para os comités de empresa, así como ao uso dun taboleiro de anuncios para que baixo a súa responsabilidade, coloque cantos avisos e comunicacións deban efectuar e estimen pertinentes, sen máis limitacións que as expresamente sinaladas pola lei. O dito taboleiro instalárase en lugares claramente visibles para permitir que a información chegue aos traballadores facilmente.

O delegado ou delegados de persoal disporán dun crédito de horas mensuais retribuídas para poder exercer a súa función de representación, conforme coa escala prevista no Estatuto dos traballadores. En consecuencia, e en tanto o cadro de persoal non supere os cen traballadores, o dito crédito horario será de 15 horas mensuais.

A utilización do crédito horario terá carácter preferente, coa única limitación da obrigación de comunicar previamente o seu número, así como a incorporación ao traballo no momento de producirse.

En caso de existir varios delegados de persoal, poderán acordar a acumulación de todas ou parte das horas sindicais dos seus membros nun ou varios deles.

4. No desenvolvemento da súa función representativa, os delegados de persoal terán dereito a percibir as axudas de custo e gastos de locomoción pola asistencia a reunións convocadas pola Administración. O tempo destas reunións non se computarán a efectos de crédito horario.

En todo caso, os delegados de persoal terán as competencias establecidas na lexislación vixente.

5. Os delegados de persoal, como representantes legais dos traballadores, gozarán segundo o establecido no artigo 68 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores das seguintes garantías:

a) Apertura de expediente contradictorio no suposto de sancións por faltas graves, ou moi graves, no que serán oídos,

aparte do interesado, o Comité de Empresa ou restantes delegados de persoal.

b) Prioridade de permanencia no organismo ou centro de traballo respecto dos demais traballadores nos supostos de suspensión ou extinción de contratos por causas técnicas ou organizativas.

c) Non ser despedidos nin sancionados durante o exercicio das súas funcións desde o momento da proclamación como candidato ata catro anos despois de concluído o mandato, sempre que o despido ou sanción se basee na acción do traballador no exercicio da súa representación, sen prexuízo, por tanto do establecido no artigo 54 do Estatuto dos traballadores. Así mesmo, non poderá ser discriminado na súa promoción económica profesional en razón, precisamente, do desempeño da súa representación.

d) Expresar con liberdade as súas opinións nas materias concernentes á esfera da súa representación, podendo publicar e distribuír sen perturbar o normal desenvolvemento do traballo, os documentos de interese laboral ou social, comunicándoo previamente ao responsable da unidade administrativa correspondente.

Ningún membro do Comité de Empresa e delegados de persoal poderá sufrir discriminación nos dereitos que como traballador teña na elección de quenda de traballo, traslado, promoción, formación, retribucións complementarias, prestacións sociais e, en xeral, calquera outra condición de traballo.

6. Os órganos de representación sindical constituiranse de acordo coa Lei orgánica de liberdade sindical e os Estatutos das organizacións sindicais.

7. Os delegados de persoal, os comités de empresa, as seccións sindicais ou un número de traballadores non inferior ao 25 por 100 poderán convocar reunións e asembleas nos centros de traballo fóra da xornada de traballo sempre que non afecte á prestación de servizos e se comunique, polo menos, con vinte e catro horas de antelación.

As asembleas realizaranse en locais facilitados polo Consorcio e adecuados para tal fin. Os convocantes das asembleas garantirán en todo momento a orde destas.

Disposición adicional 1ª

As retribucións devindicadas desde o 1 de xaneiro de 2017 ata a entrada en vigor deste convenio faranse efectivas no prazo máximo de dous meses desde a súa publicación.

Disposición adicional 2ª

As retribucións previstas no anexo IV experimentarán, nos exercicios 2019 e 2020, o incremento porcentual previsto con carácter xeral para o persoal do sector público nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado

Disposición adicional 3ª

No non recollido no texto do presente convenio, será de aplicación subsidiaria o disposto no convenio colectivo do persoal laboral da Deputación Provincial de Ourense.

Disposición adicional 4ª

Durante a vixencia deste convenio, o consorcio procederá ao estudo da oportunidade de formular os seguintes plans en materia de recursos humanos:

a) Un plan de consolidación de emprego

b) Un plan xeral de prevención de riscos laborais, que inclúa un punto específico de avaliación de riscos psicosociais.

c) Un plan de igualdade e conciliación da vida laboral e familiar.

Do resultado dos ditos estudos darase traslado á delegación de persoal, co fin de iniciar a negociación dos ditos plans durante a vixencia deste convenio.

Anexo I

Postos de traballo do Consorcio de Augas de Valdeorras

I. Área Administrativa

Unidade: Oficina do Barco de Valdeorras.

1. Administrativo:

Número de postos: 2.

Tipo de posto: posto de base.

Titulación: a propia dun oficial administrativo (ver anexo II)

Requisitos adicionais: non se esixen

Funcións:

- Atención ao público na oficina do servizo municipal de abastecemento e saneamento do Barco de Valdeorras, informándoos sobre os seus dereitos e obrigacións, prestándolles asistencia para a formulación de solicitudes, realización de pagamentos e formulación de reclamacións.

- Tramitación de altas e baixas de usuarios dos servizos xestionados polo consorcio, así como das modificacións dos seus datos.

- Confección dos padróns tributarios periódicos dos servizos xestionados polo consorcio, mediante a introdución dos datos de lecturas de consumo na aplicación informática correspondente, e a súa remisión á Secretaría Xeral do consorcio para a súa aprobación.

- Control da facturación do consorcio, tanto de ingresos en caixa como bancarios.

- Elaboración de listados de usuarios non pagados.

- Cobro en caixa de recibos do consorcio e o seu ingreso en entidade bancaria.

- Recepción da correspondencia do consorcio que se realice na oficina, e remisión desta á Secretaría Xeral.

- Control e rexistro das horas de servizos prestados polos traballadores do consorcio e elaboración dos partes de traballo.

- En xeral, realización de traballos ofimáticos con emprego das aplicacións propias de Microsoft Office, en especial Word e Excel.

- Xestión de ofertas para a realización de contratos menores.

- Consulta e realización de trámites nos expedientes do consorcio que se tramiten a través da Plataforma de Tramitación Electrónica TAO 2.0

- Xestión da oficina de asistencia ao cidadán en relación co Rexistro Electrónico do consorcio, a través da Plataforma de Tramitación Electrónica TAO 2.0, realizando as seguintes funcións: dixitalización de documentos en papel presentados polos cidadáns e a súa incorporación á plataforma de tramitación electrónica.

Observacións: postos suxeitos a instrucións da Secretaría, Intervención ou Tesourería do Consorcio, en función da materia.

II. Área Técnico-Operaria

Unidade 1: Equipo de Redes de Abastecemento e Saneamento.

Encargado de Redes de Abastecemento e Saneamento:

Número de postos: 1.

Tipo de posto: posto de mando.

Titulación: a propia dun oficial de redes (ver anexo II).

Requisitos adicionais: 5 anos de experiencia mínima en traballos propios do equipo de redes.

Funcións:

- Xefatura directa do persoal do equipo de redes, organizando e distribuindo tarefas e supervisando a súa execución polos oficiais de redes.

- Participación, coa dirección técnica dos servizos, no estudo e solución da problemática das redes xestionadas polo consorcio.

- Intervención en situacións de emerxencia.

- Mantemento dos equipos auxiliares, de seguridade, sinalización e balizamento.

- Coordinar e vixiar os traballos contratados por calquera administración pública ou por particulares que poidan afectar ás redes xestionadas polo consorcio.

- Supervisión do mantemento dos vehículos destinados ao servizo das redes.

- Organización práctica de tarefas, tanto das previstas nos plans de mantemento preventivo como as producidas de forma inesperada.

- Dirixir e coordinar os traballos de mantemento preventivo, segundo o plan establecido, e as reparacións que procedan.

- Supervisión e control do estado das instalacións, incluíndo a proposta de melloras.

- Informar de maneira inmediata á dirección técnica de calquera anomalía ou incidencia detectada no proceso de distribución de auga potable ou de calquera deficiencia na rede de saneamento.

- Supervisar o cumprimento polo persoal ao seu cargo, en todo momento, das súas obrigacións en materia de prevención de riscos laborais.

- Atender as incidencias e queixas dos usuarios relativas ao funcionamento das redes, solucionándoas sobre o terreo cando sexa posible ou dando traslado á dirección técnica.

- Control e supervisión do stock de materiais existente no almacén.

Observacións: Garda localizada permanente ante calquera incidencia que os oficiais non poidan solucionar.

Oficial de Rede:

Número de postos: 2 (1 de categoría 1ª e 1 de categoría 2ª).

Tipo de posto: posto de base.

Titulación: a propia dun oficial de redes (ver anexo II).

Requisitos adicionais: non se esixen.

Funcións:

- Executar os traballos na rede de abastecemento e saneamento asignados polo encargado de redes.

- Informar ao encargado de redes dos problemas ou riscos que poidan xurdir nas redes de abastecemento e saneamento, así como de calquera anomalía ou incidencia detectada no proceso de distribución ou na calidade da auga subministrada.

- Mantemento preventivo e correctivo, previa autorización do encargado de redes, da totalidade de elementos presentes nas instalacións.

- Realización de inspección, conservación e cambio de contadores conforme coa planificación anual.

- Precintado e desprecintado de instalacións.

- Recepción de materiais para mantemento preventivo ou correctivo das redes.

- Mantemento preventivo de vehículo e o seu equipamento (incluíndo extintor e caixa de urxencias) ao seu cargo.

- Atender as incidencias e queixas dos usuarios relativas ao funcionamento das redes, solucionándoas sobre o terreo cando sexa posible ou dando traslado á dirección técnica.

Observacións: Posto suxeito a garda localizada para atención de incidencias.

Poderánselles encomendar temporalmente tarefas de substitución do encargado de redes no caso de ausencia deste, así como de apoio puntual ao persoal do equipo de plantas (neste último caso, nos supostos en que os oficiais de redes dispoñan da titulación ou aptitude profesional necesaria).

Unidade 2: Equipo de Plantas

Encargado de Plantas

Número de postos: 1

Tipo de posto: posto de mando.

Titulación: a propia dun oficial de plantas (ver anexo II)



Requisitos adicionais: 5 anos de experiencia mínima nas funcións do equipo de plantas.

Funcións:

- Xefatura directa do persoal do equipo de plantas, supervisando todas as tarefas realizadas polos oficiais de plantas.
- Participar no estudo e solución da problemática das plantas de tratamento de auga potable e depuración de augas residuais, así como das instalacións eléctricas, electrónicas e electromecánicas, en xeral, xestionadas polo Consorcio.
- Intervención en situacións de emerxencia.
- Mantemento dos equipos auxiliares, de sinalización e balizamento
- Coordinar e vixiar os traballos contratados por calquera administración pública ou por particulares que poidan afectar ás instalacións de potabilización, bombeo ou depuración xestionadas polo Consorcio.
- Supervisión do mantemento dos vehículos destinados ao servizo das plantas.
- Organización práctica de tarefas, tanto das previstas nos plans de mantemento preventivo como as producidas de forma inesperada.
- Dirixir e coordinar os traballos de mantemento preventivo, segundo o plan establecido, e as reparacións que procedan.
- Supervisión e control do estado das instalacións, incluíndo a proposta de melloras.
- Informar de maneira inmediata á dirección técnica de calquera anomalía ou incidencia detectada no proceso de potabilización ou depuración.
- Supervisar o cumprimento polo persoal ao seu cargo, en todo momento, das súas obrigacións en materia de prevención de riscos laborais.

- Control dos datos rexistrados polo persoal de plantas e telecontrois, para o cumprimento dos indicadores de calidade.

Observacións: Garda localizada permanente ante calquera incidencia que os oficiais non poidan solucionar.

Oficial de Plantas

Número de postos: 3 (2 de categoría 1ª e 1 de categoría 2ª).

Tipo de posto: posto de base.

Titulación: a propia dun oficial de plantas (ver anexo II).

Requisitos adicionais: non se esixen.

Funcións:

- Realización das tarefas de mantemento preventivo e correctivo das plantas que lles sexan encomendadas polo encargado de plantas.
- Informar ao encargado de plantas sobre os problemas, riscos ou anomalías que detecten nos sistemas de potabilización e depuración de augas.
- Supervisión diaria dos procesos de captación, tratamento e depuración de augas.
- Cubrir os partes de control de procesos das plantas.
- Recepción dos materiais e produtos químicos para o tratamento das augas (potabilización e depuración).
- Toma de mostras de auga para o cumprimento da lexislación vixente, incluíndo recepción de envases, cubrir fichas e entrega en laboratorio.
- Mantemento preventivo de vehículo e o seu equipamento (incluíndo extintor e caixa de urxencias) ao seu cargo.

Observacións: Posto suxeito a garda localizada, segundo quennda, para atención de incidencias.

Unidade 3: Equipo de Limpeza de Fosas

Conductor de Camión Impulsor - Succionador

Número de postos: 2.

Tipo de posto: posto de base.

Titulación: a propia dun conductor de CIS (ver anexo II).

Requisitos adicionais: non se esixen.

Funcións:

- Condución, operación e mantemento preventivo e correctivo do camión impulsor- succionador do Consorcio.
- Realización de traballos de desatasque, limpeza e mantemento preventivo da rede de sumidoiros e bombeos de residuais.
- Realización de limpeza das fosas sépticas xestionadas polo consorcio, conforme coa planificación establecida e coas instrucións da dirección técnica.
- Transporte e entrega de lodos recollidos ás plantas depuradoras do consorcio ou a xestor autorizado.
- Limpeza de depósitos e outros elementos das instalacións de auga potable.
- Realización de traballos de desbrave, e, en xeral de conservación, limpeza e mantemento de instalacións.
- Comunicar á dirección técnica calquera anomalía ou risco detectado nas instalacións xestionadas polo Consorcio ou no vehículo CIS.

Observacións: postos suxeitos a garda localizada, segundo quennda, para atención de emerxencias fóra da xornada habitual.

Anexo II

Grupos profesionais do Consorcio de Augas de Valdeorras
Oficial de Planta, categoría 1ª:

Formación mínima: Grao Medio de Formación Profesional en Electricidade e Electrónica ou en Instalación e Mantemento, ou equivalentes.

Permiso conducir B.

Oficial de Planta, categoría 2ª:

Formación mínima: Formación Profesional Básica en Electricidade e Electrónica ou en Instalacións Electrotécnicas e Mecánica.

Permiso conducir B.

Oficial de Rede, categoría 1ª:

Formación mínima: Grao Medio de Formación Profesional en Mantemento de Instalacións, Fontanería ou equivalente.

Permiso conducir B

Oficial de Rede, categoría 2ª:

Formación mínima: Formación Profesional Básica en Mantemento de Vivendas.

Permiso conducir B.

Oficial Administrativo.

Formación mínima: Bacharelato, Formación Profesional de Grao Medio en Administración ou Xestión ou equivalente.

Conductor CIS:

Formación mínima: Graduado en ESO ou equivalente. Permiso de conducir clase C.

Anexo III

Recoñecemento de grupos, categorías profesionais e postos de traballo aos traballadores integrantes do cadro de persoal actual do consorcio

Susana Anta Ramos: oficial administrativo.

Juan Carlos Arias Núñez: oficial administrativo.

Jerónimo Rodríguez González: oficial de redes, categoría 1ª.
Encargado de redes.

Juan Carlos Martínez Martínez: oficial de redes, categoría 1ª.
Oficial de redes.

Miguel Ángel Campos Fernández: oficial de redes, categoría 2ª.
Oficial de redes.

Marcos Rodríguez Torres: oficial de plantas, categoría 1ª.
Encargado de plantas.

José Manuel García Rodríguez: oficial de plantas, categoría 1ª.
Oficial de plantas.

Manuel Álvarez Rodríguez: oficial de plantas, categoría 1ª.
Oficial de plantas.

Álex Crispulo Rodríguez: Oficial de plantas, categoría 2ª.
Oficial de plantas.

José Rodríguez Lanaspá: condutor CIS.

José Manuel Real Prieto: condutor CIS.

Anexo IV

Retribucións

Soldo base de oficial administrativo: 1.300 euros/mes.

Soldo base de oficial de planta/oficial de redes categoría 1ª:
1.200 euros /mes.

Soldo base de oficial de planta/oficial de redes, categoría 2ª:
1.100 euros / mes.

Soldo base condutor CIS: 1.100 euros/mes.

Complemento de posto oficial administrativo: 3.980 euros/ano.

Complemento de posto encargado de redes: 5.000 euros ano.

Complemento de posto encargado de plantas: 5.000 euros /ano.

Complemento de posto oficial de redes e oficial de planta:
3.600 euros /ano.

Complemento de posto condutor CIS: 3.600 euros/ano.

Oficial administrativo:

SB: 1300 x 14 = 18.200 euros

CP: 3.980 euros

Total retribucións fixas anuais: 22.180 euros

Encargado de redes:

SB: 1200 X 14 = 16.800 euros

CP: 5.000 euros

Total retribucións fixas anuais: 21.800 euros

Oficial de redes, categoría 1ª:

SB: 1200 x 14 = 16.800

Complemento de posto: 3.600

Total retribucións fixas anuais: 20.400 euros

Oficial de redes, categoría 2ª:

SB: 1.100 x 14 = 15.400

Complemento de posto: 3.600

Total retribucións fixas anuais: 19.000

Encargado de plantas:

SB: 1200 x 14 = 16.800

Complemento de posto: 5.000

Total retribucións anuais: 21.800

Oficial de plantas, categoría 1ª:

SB: 1200 x 14 = 16.800

Complemento de posto: 3.600

Total retribucións anuais: 20.400

Oficial de plantas, categoría 2ª

SB: 1.100 x 14 = 15.400

Complemento de posto: 3.600

Total retribucións anuais: 19.000

Condutor CIS:

SB: 1.100 x 14 = 15.400

Complemento de posto: 3.600

Total retribucións anuais: 19.000

Antigüidade: 30 euros mensuais por trienio, conforme coa definición do artigo 22.

Gardas de localización ordinarias: 105,27 euros

Compensación por gardas en días ponte, festivos ou os días 24 e 31 de decembro: 123,79 euros por cada día afectado.

Consellería de Economía, Empleo e Industria

Jefatura Territorial

Ourense

Servicio de Empleo y Economía Social

Una vez visto el texto del Convenio colectivo del Consorcio de Augas de Valdeorras para los años 2017-2020, con código de convenio n.º 32100152012018, que suscribió el día 1-02-2018, la Comisión Negociadora conformada por el presidente del consorcio y la delegada de personal, asistida por el sindicato CCOO y, de conformidad con lo que dispone el artículo 90.2 y 3 del Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de octubre, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores [BOE 255, de 24 de octubre de 2015], el Real Decreto 713/2010, de 28 de mayo, sobre registro y depósito de convenios y acuerdos colectivos de trabajo [BOE 143, de 12 de junio de 2010] y el Real Decreto 2412/82, de 24 de julio, sobre traspaso de funciones y servicios de la Administración del Estado a la Comunidad Autónoma de Galicia, en materia de trabajo [BOE 232, de 28 de septiembre de 1982] y las demás normas aplicables del derecho común, esta jefatura territorial resuelve:

Primero.- Ordenar su inscripción y depósito en el Registro de Convenios y Acuerdos Colectivos de Trabajo de la Comunidad Autónoma de Galicia, creado mediante la Orden de 29 de octubre de 2010 [DOG 222, de 18 de noviembre de 2010] y notificación a las representaciones empresarial y social de la Comisión Negociadora.

Segundo.- Disponer su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia.

Convenio Colectivo del Consorcio de Augas de Valdeorras

Capítulo I. Ámbito de aplicación

Artículo 1. Ámbito funcional y personal

El presente convenio colectivo será de aplicación a la totalidad del personal laboral del Consorcio de Aguas de Valdeorras.

Artículo 2. Ámbito territorial

Las disposiciones contenidas en este convenio regirán en todos los centros de trabajo que mantenga abiertos el consorcio.

Artículo 3. Ámbito temporal

Este convenio entrará en vigor el día de su publicación, una vez homologado por la autoridad laboral. Surtirá efectos económicos desde el día 1 de enero de 2017 y tendrá una duración de cuatro años, que se contará desde dicha fecha. Terminará su aplicación el 31 de diciembre de 2020. No obstante, el convenio será prorrogado tácitamente de año en año, mientras cualquiera de las partes no le manifieste a la otra, con antelación mínima de un mes a la fecha de extinción o de cualquiera de sus prórrogas, su voluntad de darlo por terminado. Dicha manifestación deberá hacerse por escrito mediante comunicación con acuse de recibo.

Una vez denunciado el convenio, éste mantendrá su vigencia, hasta la suscripción de un nuevo convenio colectivo que lo sustituya o la adopción de un laudo arbitral con eficacia de convenio, por un plazo máximo de un año (y sin perjuicio de la eventual eficacia retroactiva de las disposiciones del nuevo convenio que lo sustituya). Una vez transcurrido dicho plazo máximo sin acordarse el nuevo convenio o laudo arbitral, el presente convenio perderá su vigencia.

Capítulo II. Organización del trabajo, comisión de seguimiento del convenio, formación profesional y régimen disciplinario

Artículo 4. Norma general

1. La organización técnica y práctica del trabajo es facultad exclusiva del consorcio, que deberá hacer uso de ella con sujeción a lo establecido en la legislación vigente y en el presente convenio colectivo. Corresponde a la Presidencia del consorcio



la adopción de las decisiones en esta materia, en el ejercicio de sus atribuciones de jefatura superior del personal.

2. Sin perjuicio de lo anterior, el consorcio podrá encomendar la realización de las labores de dirección técnica del trabajo a la Diputación Provincial de Ourense, a la que está adscrito, la cual podrá llevar a cabo esa función, al amparo de sus competencias de asistencia técnica a las entidades locales, por sus propios medios o a través de empresas externas contratadas para esa finalidad. Las instrucciones técnicas impartidas serán de obligado cumplimiento para los trabajadores del Consorcio, y respetarán en todo caso los derechos y condiciones laborales establecidos en el presente convenio y en la normativa laboral aplicable. Corresponderá exclusivamente a la Presidencia del Consorcio la resolución de posibles discrepancias entre los trabajadores y la dirección técnica.

3. En cada momento el consorcio adaptará sus sistemas de producción a las circunstancias tecnológicas, procurando, con carácter primordial, capacitar a la plantilla para el desarrollo y aplicación de los nuevos procedimientos, sin que estos puedan redundar en perjuicio de los derechos económicos o de otro tipo adquiridos.

4. El contenido de los puestos de trabajo asignados a cada empleado público será el definido en el anexo I del presente convenio. Los contratos individuales de trabajo harán referencia a este anexo para definir el puesto de trabajo que constituye su objeto. Las modificaciones en el contenido de los puestos de trabajo se regirán por lo dispuesto en el Estatuto de los Trabajadores para los supuestos de movilidad funcional y modificaciones sustanciales del contrato de trabajo.

Artículo 5. Comisión de seguimiento del convenio

La comisión de seguimiento del convenio tendrá carácter mixto y será el órgano de interpretación y vigilancia de su cumplimiento.

Estará integrada por la delegada de personal del consorcio, de una parte, y el presidente del consorcio, de otra. Actuará como secretario de la comisión el funcionario que desempeñe las funciones de secretario del consorcio.

Los miembros de la comisión podrán asistir a sus reuniones acompañados por hasta dos asesores, con voz, pero sin voto.

La comisión se reunirá de manera ordinaria semestralmente, y de forma extraordinaria a petición de cualquiera de las partes. La reunión ordinaria tendrá lugar en los meses de junio y diciembre, en la fecha que acuerden las partes. Las reuniones extraordinarias se celebrarán en un plazo máximo de quince días desde la petición de su realización, que deberá formularse por escrito.

Las discrepancias que puedan surgir en el seno de la comisión se someterán a lo establecido en el acuerdo interprofesional gallego sobre procedimientos extrajudiciales de solución de conflictos de trabajo.

Artículo 6. Plantilla

La plantilla será la que en cada momento resulte adecuada para la correcta prestación de los servicios públicos encomendados al consorcio.

Artículo 7. Prestación del trabajo

Las personas trabajadoras están obligadas a conocer y desempeñar, en el nivel de la categoría profesional que posean, todos los trabajos precisos para la correcta ejecución de las tareas que se encomienden.

Artículo 8. Ejercicio del mando

El personal que desempeñe puestos con mando sobre otros trabajadores, deberá conseguir el rendimiento y la eficacia del personal del servicio que esté bajo sus órdenes y ejercerá su

autoridad con respeto a la dignidad de los trabajadores y en forma adecuada y eficiente.

Son funciones inherentes a todo mando en el consorcio la formación del personal a sus órdenes para conseguir la elevación de su nivel técnico y profesional y velar por la seguridad en el trabajo y el cumplimiento de la normativa vigente.

Artículo 9. Ropas de trabajo

En cada año de vigencia del convenio se hará entrega de las siguientes ropas de trabajo.

En el verano: 2 pantalones, 2 polos o camisas de manga corta y 1 cazadora.

En el invierno: 2 pantalones, 1 jersey, 2 camisas de manga larga, 1 cazadora de invierno. Con carácter bianual, 1 anorak y 1 chubasquero.

La entrega de la ropa de trabajo se hará en la segunda quincena de junio, la de verano, y en la segunda quincena de septiembre, la de invierno.

La ropa nueva será recogida por la persona trabajadora, previa entrega de la usada, con una carencia de dos años.

En el caso de deterioro o rotura de alguna de las ropas, estas serán sustituidas inmediatamente por otras nuevas, previa entrega de las deterioradas.

El consorcio, con la participación de la delegación de personal, determinará las ropas de trabajo que deben ser utilizadas en los distintos servicios.

La calidad de las ropas de trabajo será la suficiente para su duración mínima de un año.

El uso de las ropas de trabajo, para aquel personal que las tenga determinadas, será obligatorio durante la prestación del trabajo.

El calzado del personal del área técnico-operaria, dada su condición de equipo de protección individual, se determinará mediante acuerdo con la delegación de prevención de riesgos laborales.

Artículo 10. Formación profesional continua

1. Se reconoce el derecho del personal del consorcio a la formación profesional continua, en los términos señalados en este artículo.

2. Los objetivos de la formación profesional continua son los siguientes:

a) La mejora de la formación profesional del conjunto del personal, como garantía de calidad de los servicios.

b) Posibilitar, con respeto al principio de igualdad de oportunidades, el acceso a puestos de trabajo vacantes de superior categoría o responsabilidad.

3. Para la garantía de este derecho, el consorcio se adherirá al plan anual agrupado de formación continua de la Diputación Provincial de Ourense, en el que se procurará la inclusión de acciones formativas relativas a las actividades profesionales del personal del consorcio. El consorcio complementará las acciones formativas del plan agrupado con un mínimo de una acción formativa anual para cada área funcional, en los términos que se negocien anualmente en el seno de la comisión mixta.

4. El consorcio podrá establecer acciones formativas de carácter obligatorio para el personal. En estos casos, se procurará impartir la formación en horario laboral. De no ser posible realizarla en dicho horario por exigencias del servicio o a causa de requerimientos específicos de la acción formativa a desarrollar, el consorcio compensará en tiempo libre o, en su defecto, si esto no fuera posible, remunerará mediante una gratificación equivalente a horas extraordinarias el número de horas dedicadas a la formación. En el supuesto de compensación en tiempo libre, procederá la acumulación para el disfrute en jornadas completas.

Artículo 11. Productividad

Las partes hacen constar que consideran básico para el buen funcionamiento del consorcio y de los servicios públicos prestados que se incremente la productividad en todos los centros de trabajo y procurarán un incremento del rendimiento, tanto global como individualmente considerado.

Artículo 12. Régimen disciplinario

1. El personal podrá ser sancionado por el consorcio de acuerdo con el régimen de faltas y sanciones que se establece en los apartados siguientes.

2. Toda falta cometida por una persona trabajadora se clasificará, atendiendo a su importancia, trascendencia e intención, en leve, grave o muy grave, de conformidad con lo que se dispone en los párrafos siguientes.

l) Son faltas leves las siguientes:

a) De una a tres faltas de puntualidad en la asistencia al trabajo sin la debida justificación, cometidas durante el período de un mes.

b) No cursar en el tiempo oportuno la baja correspondiente cuando se falte al trabajo por motivos justificados, a no ser que se pruebe la imposibilidad de haberlo efectuado.

c) Pequeños descuidos en la conservación del material.

d) Faltas de aseo y limpieza personal.

e) Las discusiones sobre asuntos ajenos al trabajo, dentro de las dependencias del consorcio o durante actos de servicio. Si tales discusiones produjeran escándalo notorio, podrán ser consideradas como falta grave o muy grave.

f) No comunicar las situaciones personales que puedan afectar a las obligaciones fiscales o de Seguridad Social de la empresa con su personal.

g). No atender al público con la diligencia y corrección debida.

II) Se calificarán como faltas graves las siguientes:

a) Más de tres faltas no justificadas de puntualidad en la asistencia al trabajo, cometidas durante un periodo de un mes.

b) No comunicar, con la puntualidad debida, las actividades de la persona trabajadora que puedan afectar a la cotización a la Seguridad Social. La falta de comunicación malintencionada en estos datos se considerará como falta muy grave.

c) Entregarse a juegos o distracciones, cualquiera que sea, estando de servicio.

d) La simple desobediencia a superiores en cualquier materia del servicio. Si implicara quebranto de la disciplina o de ella derivase perjuicio para el consorcio, podrá ser considerada como falta muy grave.

e) Simular la presencia de otra persona trabajadora, fichando o firmando por aquella.

f) La negligencia o desidia en el trabajo que afecte a la buena marcha del servicio.

g) La imprudencia en actos de servicio. Si implicara riesgo de accidente para la persona trabajadora, para terceros o peligro de avería o daños para las instalaciones o equipos, podrá ser considerada como muy grave.

h) Hacer, sin el oportuno permiso, gestiones particulares durante la jornada, así como emplear para usos propios, herramientas, equipos o instalaciones de la empresa, incluso cuando esto ocurra fuera de la jornada de trabajo.

i) La embriaguez o toxicomanía fuera del trabajo vistiendo el uniforme de la empresa.

j) La falta de asistencia al trabajo de hasta dos días al mes, sin justificación.

k) Abandono del puesto de trabajo, sin causa justificada, incumpliendo el régimen de turnos establecido en cada centro de trabajo, incluso si tiene carácter breve.

l) La reincidencia en la falta de atención al público con la diligencia y corrección debida.

II) La inobservancia de las leyes, reglamentos o incumplimiento de las normas en materia de prevención de riesgos laborales, cuando las mismas supongan riesgo para la persona trabajadora, sus compañeros y compañeras o terceros, así como no usar, o usar inadecuadamente los medios de seguridad facilitados por la empresa. En el caso de que el riesgo fuera grave o se produjera perjuicio alguno, se considerará como muy grave.

m). La ocultación de cualquier hecho que la persona trabajadora presenciara, que cause de manera apreciable perjuicio grave de cualquier índole a la empresa, a sus compañeros y compañeras de trabajo o a terceros.

n) La falta de puntualidad, sin la debida justificación, cuando tuviera que relevar a un compañero o compañera.

ñ) Si la causa prevista en el apartado e) del punto I produjera escándalo notorio.

